Relaciona.

- O vento
- As precipitacións
- A temperatura
- A presión atmosférica
- O relevo
- A influencia do mar
- A humidade do aire
- A latitude
- A altitude

- Elementos do clima
- Factores do clima

Fenómeno meteorolóxico

Selecciona a resposta que consideras correcta.

Que é un fenómeno meteorolóxico?

- Sucesos que acontecen na estratosfera, como as estrelas fugaces
- Sucesos extraordinarios e moi violentos que acontecen na atmosfera
- Sucesos que acontecen na troposfera relacionados cos cambios de temperatura, humidade e presión da atmosfera

Completa o texto escribindo as palabras que faltan nos espazos baleiros.

O aire está composto por un 21 % de _____, un 78 % de _____ e un 1 % de doutros gases, como dióxido de _____, _____ de auga e outros.

LIVEWORKSHEETS

Sinala as afirmacións verdadeiras.

- Nos lugares nos que o sol quenta moito, o lóxico é aproveitar a enerxía solar.
- Nos lugares nos que chove pouco é frecuente que as casas teñan azotea en lugar de tellado.
- Nos lugares en que sopra o vento é lóxico instalar un muíño para aproveitar esa enerxía.
- En lugares nos que vai moita calor en verán e o sol quenta moito, as rúas adoitan ser estreitas para dar sombra aos viandantes.
- Nas estradas de montaña é doado encontrar en inverno máquinas quitaneve.
- En lugares onde as temperaturas son altas todo o ano e apenas hai precipitacións abundan as tendas de aluguer de esquís.
- Os tellados das casas dos lugares nos que chove moito adoitan ser inclinados para que a auga esvare.

Relaciona cada palabra co seu significado.

Cambio climático	O aumento de temperatura experimentado pola atmosfera e os océanos.
Efecto invernadoiro	O feito de que a enerxía reflectida pola Terra, despois de ser quentada polo Sol, quede retida na atmosfera pola acumulación de determinados gases que impiden que sexa emitida cara ao espazo exterior.
Quentamento global	A variación do clima da Terra. Pode suceder por causas naturais ou pola acción humana.

Elixe, en cada caso, a opción correcta.

En inverno, a temperatura é máis alta

- nunha zona de interior.
- nunha zona de costa.

Isto é así a causa

- da influencia do mar, que suaviza as temperaturas.
- da influencia da latitude que suaviza as temperaturas.

LIVEWORKSHEETS

Relaciona cada termo coa súa definición.

Meteoroloxía	Gráfico que representa as temperaturas e as precipitacións nun lugar ao longo dun ano.
Climograma	Diferenza entre a temperatura media do mes máis cálido e a do mes máis frío.
Amplitude térmica	Sequidade, falta de humidade.
Aridez	Ciencia que estuda os fenómenos atmosféricos, as propiedades da atmosfera, e en especial a súa relación co tempo atmosférico e a superficie da terra e os mares.

Completa as frases cunha das dúas palabras posibles.

A medida que ascendemos unha montaña a presión atmosférica é _____.

Canto maior é a temperatura atmosférica _____ é a humidade do aire.

As temperaturas son máis _____ canto máis afastados esteamos do ecuador.

A dirección do vento indícaa _____.

O _____ é o estado da atmosfera dun lugar nun momento dado ou período curto de tempo.

LIVEWORKSHEETS